

## Comisión de Enxeñaría Informática

# REUNIÓN DO 25 DE XUÑO DE 2019

A Comisión de Enxeñaría Informática reúnese en segunda convocatoria, ás 10:10 horas na sala x3.1 da ETSE, coa asistencia dos seguintes membros:

- D. Antonio Mosquera Gonzalez, Presidente
- D. David López Vilariño, Secretario
- D. José C. Cabaleiro Domínguez
- D. Francisco J. Pena Brage
- Dna. María Del Carmen Palacios Oubiña
- D. Eduardo Sanchez Vila
- D. José Ramón Ríos Viqueira

Ausencias:

- Dna. Gracia Frutos Martínez
- D. Manuel Lama Penín

### ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta das reunión do día 8 de maio de 2019
2. Informes
3. Ratificación de acordos adoptados polo procedemento de urxencia
4. Informe de solicitude de matrícula de estudante visitante
5. Informe de guías docentes para o curso 2019/20
6. Rolda aberta de intervencións

### ACORDOS

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do día 8 de maio de 2019.  
Apróbase por asentimento.

2. Informes.

O presidente informa de que vense de aprobar oficialmente o aumento de prazas no GrEI do 10% pasando a 66, xa anunciado na reunión anterior da Comisión.

O presidente informa ademáis de que chegou o informe da Secretaría Xeral de Universidades en relación á proposta de modificación do Plano de Estudos do

Os acordos que se reflexan nesta acta non serán executivos ata a súa ratificación posterior polo órgano competente (Comisión Permanente, Xunta de Escola, etc.)

GrEI. O informe é desfavorable con respecto a introdución de mencións no Plano de Estudos. Haberá que analizar polo miúdo as opcións posibles para a actualización do Plano de Estudos atendendo ao argumentado no informe. Para iso, terase en conta a vía de actualización dentro de procedemento de seguimento do Título a declaración de intencións para a modificación de Planos de Estudos para o curso 2021/22.

3. Ratificación de acordos adoptados polo procedemento de urxencia.  
Este punto foi incluído na orde do día por erro. Non hai acordos pendentes.

4. Informe de solicitude de matrícula de estudante visitante  
Ante a solicitude de Dña Tianyu Chen para matricularse na materia Fundamentos de Computadores do GrEI a Comisión decidiu desaconsellar dita matriculación. Fundamentos de Computadores é unha materia do ámbito de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores que require coñecementos avanzados de sistemas dixitais que, a vista do expediente da estudante, non posúe.

5. Informe de guías docentes para o curso 2019/20  
Apróbbase por asentimento as guías docentes.

6. Rolda aberta de intervencións  
Non hai intervencións

As 11:05 remata a reunión da que, como Secretario, estendo esta acta.

# ANEXOS

## ACORDO POR PROCEDEMENTO DE URXENCIA

DATA DE APROBACIÓN: 10 abril de 2019.

MOTIVACIÓN: Segundo a proposta de PDA do GrEI para o curso 2019/20 a materia Organización e Xestión Empresarial (OXE) está asignada a área de coñecemento: Economía Financeira e Contabilidade. A Vicerreitoría de Organización Académica advirte que a área de Economía Financeira e Contabilidade é actualmente deficitaria polo que se nos solicita reasignar a docencia a outra área adscrita de igual ou menor afinidade e que dispoña de recursos.

PROPOSTA: A área de Economía Financeira e Contabilidade segue a ser a nosa preferencia para impartir a docencia de OXE. Esta área a que está a impartir a materia na actualidade e ademáis, na proposta de modificación do plan de estudos do GrEI inclúese unha actualización da ficha de OXE a petición da devandita área. En caso de que Economía Financeira e Contabilidade non libere docencia noutras materias doutras titulacións e continúe sen poder asumir a docencia de OXE, a nosa proposta e facer o encargo a área de Organización de Empresas, tamén adscrita a OXE e coa mesma afinidade que Economía Financeira e Contabilidade.